

ACTIVIDADES DE REFORZO DA 5ª QUINCENA

Normas laborais e fiscais

1. PAU Diferenza entre contratos de traballo a tempo parcial e contratos indefinidos.
2. Explica as causas de suspensión dun contrato de traballo.
3. Explica a diferenza entre o despedimento por causas obxectivas e o despedimento disciplinario.
4. Enumera as características máis principais dun contrato en prácticas.
5. Estas a traballar, pero non che gusta o teu traballo. ¿Tes que permanecer ata que finalice o contrato? ¿Como tes que facer para deixalo?
6. Analiza cada caso e resolve qué tipo de contrato é mellor:

Un cociñeiro que traballa nun restaurante os venres, sábados e domingos.	
Un rapaz de 17 anos para formalo como fontaneiro.	
Luísa rematou os seus estudos de Bioloxía en setembro pasado.	
A empresa Campos, S.L. quere contratar un especialista para que introduza no ordenador os datos do seus clientes.	
A empresaria Carme López contrata a Carlos para substituír a Caridade, que está de baixa por maternidade.	
Unha empresa realiza unha campaña publicitaria, co que se incrementan as súas vendas.	

7. Marta ten a seguinte retribución: 900 euros ao mes e dúas pagas extraordinarias ao ano de 850 euros a que se abonan repartíndoas mensualmente. Calcula o total devengar na súa nómina cada mes.
8. Un empregado dunha empresa négase a cumprir as ordes do seu encargado alegando que a súa execución supón un risco para a súa saúde. ¿Estaría neste caso xustificada a desobediencia da orde do encargado?.
9. Comezas a traballar e na empresa dinche que tes que comprar ti os equipos de protección, ¿é correcto?
10. ¿Que é cotizar? ¿Quen están obrigados a cotizar? ¿Cal é o custe laboral da empresa?
11. PAU. Diferenza entre impostos directos e indirectos. Pon un exemplo de cada tipo.
12. PAU Indica a diferenza que existe entre unha sociedade e unha empresa individual en canto á fiscalidade.
13. ¿Que diferenza hai entre imposto e tributo?
14. ¿En que consiste a progresividade nos impostos?

SOLUCIÓNS

1. PAU Diferenza entre contratos de traballo a tempo parcial e contratos indefinidos.

Os contratos indefinidos son os que a súa duración non ten límite e poden ser a xornada completa ou a tempo parcial. Os contratos a tempo parcial son aqueles que teñen unha xornada inferior á xornada ordinaria.

2. Explica as causas de suspensión dun contrato de traballo.

As causas de suspensión dun contrato de traballo pódense resumir en:

- As baseadas na vontade mutua dos contratantes.
- Incapacidade temporal e maternidade.
- Exercicio de cargos públicos e outras excedencias.
- Sancións e privacións de liberdade do traballador.
- Causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción e forza maior.
- Conflitos laborais: folga e peche patronal.

3. Explica a diferenza entre o despedimento por causas obxectivas e o despedimento disciplinario.

Na extinción dos contratos de traballo, as causas obxectivas responden a unha serie de circunstancias previstas na lei, que se producen de forma allea á vontade do traballador e que prexudican á empresa, de modo que o lexislador optou por autorizar o despedimento indemnizado da persoa que incorre nunha destas circunstancias legais, para non danar ás empresas facéndolles manter traballadores que xa non lle son útiles.

Nembargante, o despedimento disciplinario basease nun incumprimento grave e culpable do traballador, como: faltas repetidas e inxustificadas de asistencia ou puntualidade ao traballo, indisciplina ou desobediencia no traballo,...

4. Enumera as características máis principais dun contrato en prácticas.

Este contrato pódese subscribir con aquelas persoas que teñan formación universitaria ou profesional que habiliten para o exercicio dunha profesión. Deberá concertarse dentro dos catro anos seguintes á finalización dos estudos. A duración destes contratos non pode ser inferior a seis meses nin superior a dous anos. A retribución non poderá ser inferior ao 60% durante o primeiro ano ou ao 75% durante o segundo ano, do salario correspondente a unha persoa que desempeñe o mesmo ou equivalente posto de traballo. En ningún caso poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional. As tarefas realizadas deben permitir a obtención da práctica profesional axeitada ao nivel de estudos cursados.

5. Estas a traballar, pero non che gusta o teu traballo. ¿Tes que permanecer ata que finalice o contrato? ¿Como tes que facer para deixalo?

Non, podes deixalo antes dimitindo, pero debes avisar á empresa con a antelación de 15 días.

6. Analiza cada caso e resolve qué tipo de contrato é mellor:

Un cociñeiro que traballa nun restaurante os venres, sábados e domingos.	Tempo parcial
Un rapaz de 17 anos para formalo como fontaneiro.	Para a formación
Luísa rematou os seus estudos de Bioloxía en setembro pasado.	En prácticas
A empresa Campos, S.L. quere contratar un especialista para que introduza no ordenador os datos dos seus clientes.	Por obra ou servizo
A empresaria Carme López contrata a Carlos para substituír a Caridade, que está de baixa por maternidade.	Interinidade
Unha empresa realiza unha campaña publicitaria, co que se incrementan as súas vendas.	Eventual

7. Marta ten a seguinte retribución: 900 euros ao mes e dúas pagas extraordinarias ao ano de 850 euros a que se abonan repartíndoas mensualmente. Calcula o total devengar na súa nómina cada mes.

Reparto das pagas extra = 2 pagas x 850 € cada unha = 1.700 €

1.700 € / 12 = 141,67 € que corresponde ao mes polas pagas extra.

Total devengar = 900 + 141,67 = 1.556,34 € ao mes.

8. Un empregado dunha empresa négase a cumprir as ordes do seu encargado alegando que a súa execución supón un risco para a súa saúde. ¿Estaría neste caso xustificada a desobediencia da orde do encargado?

O poder de dirección é a potestade de dar ordes e instrucións en canto á ordenación e organización do traballo. Pero cabe a desobediencia das ordes do empresario cando estas resultan perigosas, con risco grave para a súa saúde.

9. Comezas a traballar e na empresa dinche que tes que comprar ti os equipos de protección, ¿é correcto?

Non é correcto. Unha das obrigas do empresario é facilitar a protección axeitada aos traballadores.

10. ¿Que é cotizar? ¿Quen están obrigados a cotizar? ¿Cal é o custe laboral da empresa?

É que os obrigados paguen a cota ao sistema da SS. Estes obrigados son o traballador e a empresa. O custe dos traballadores para a empresa está formado polo salario máis por a cota DA EMPRESA á Seguridade social.

11. PAU. Diferenza entre impostos directos e indirectos. Pon un exemplo de cada tipo.

Impostos directos: gravan unha forma directa da capacidade económica do suxeito pasivo como a renda global ou o patrimonio. Exemplo: IRPF.

Impostos indirectos: gravan unha manifestación indirecta da capacidade económica do suxeito como é o consumo ou a transmisión de bens. Exemplo: IVE, Transmisións patrimoniais.

12. PAU Indica a diferenza que existe entre unha sociedade e unha empresa individual en canto á fiscalidade.

As sociedades pagan o Imposto de Sociedades e as empresas individuais tributarían polo IRPF.

13. ¿Que diferenza hai entre imposto e tributo?

Un imposto é un tipo de tributo. Os tributos clasifícanse en impostos, taxas e contribucións especiais.

14. ¿En que consiste a progresividade nos impostos?

En que hai unha escala de gravame con tipos impositivos maiores cando maior é a capacidade económica do suxeito pasivo.